



ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA Curso 2009/2010	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	ESO 1: Vocabulary: Feelings ESO 2: Memory dictation
IDIOMAS	<input checked="" type="checkbox"/> GALEGO <input type="checkbox"/> FRANCÉS <input type="checkbox"/> OUTRAS LINGUAS: <input checked="" type="checkbox"/> CASTELÁN <input type="checkbox"/> ALEMÁN <input checked="" type="checkbox"/> INGLÉS <input type="checkbox"/> ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	ESO 1: escoitar: son capaz de entender as preguntas que me fan os meus compañeiros. Falar: son capaz de responder as preguntas que me fan os meus compañeiros ESO 2: escoitar: son capaz de entender as preguntas que me fai a profesora. Escribir: son capaz de responder de xeito sinxelo as preguntas que me fai a profesora sen escribir ditas preguntas. son capaz de escribir en inglés as preguntas que fai a profesora en galego.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	ESO 1 <input checked="" type="checkbox"/> COMPRENDER: <input checked="" type="checkbox"/> comprensión auditiva / <input checked="" type="checkbox"/> comprensión lectora <input checked="" type="checkbox"/> FALAR: <input checked="" type="checkbox"/> expresión oral / <input type="checkbox"/> interacción oral (conversar) <input type="checkbox"/> ESCRIBIR: <input type="checkbox"/> expresión escrita ESO 2 <input checked="" type="checkbox"/> COMPRENDER: <input checked="" type="checkbox"/> comprensión auditiva / <input checked="" type="checkbox"/> comprensión lectora <input checked="" type="checkbox"/> FALAR: <input checked="" type="checkbox"/> expresión oral / <input type="checkbox"/> interacción oral (conversar) <input checked="" type="checkbox"/> ESCRIBIR: <input checked="" type="checkbox"/> expresión escrita
OBXECTIVOS	ESO 1 .- aprender o vocabulario referido ós sentimentos. .- ser quen de escoitar o que preguntan os compañeiros. .- ser quen de reproducir, contestar e entender preguntas feitas en pasado simple. .- ser quen de respostar preguntas sinxelas de si ou non en pasado simple. ESO 2 .- ser quen de escoitar o que pregunta a profesora. .- ser capaz de responder as preguntas sen telas escritas no papel .- ser quen de escribir a pregunta, tendo a resposta diante. .- decatarse de que facer preguntas para respostas no é "tan difícil" .- poder "facer traducción simultánea"

Modelo: MD55EST1104/Revisión: (00) 15/10/2004



NIVEL	ESO 1 e ESO 2
SECCIÓN DO PEL	<input type="checkbox"/> BIOGRAFÍA <input type="checkbox"/> PASAPORTE DE LINGUAS <input checked="" type="checkbox"/> DOSSIER
PROCEDEMENTO	O xeito de levar a cabo ámbalas dúas actividades vai explicada noutro arquivo, tamén enviado.
AVALIACIÓN: Seguimento	<p>A forma de avaliar as dúas actividades foi con posta en común, primeiro en pequeno grupo e logo en grupo-clase. En xeral gústalles moito todo o que non implique "clase tradicional" e iso fai que sexan máis participativos.</p> <p>ESO 1 Gústalles todo o que sexa non estar sentados no seu sitio. Tamén todo o que parece novedoso. Aínda que algúns iso de ter un papel pegado na espalda que non sabían o que decía non lles facía moita gracia (debido en gran parte a súa timidez e a súa falta de seguridade en si mesmos). Foi un xeito distinto de estar repetindo sempre as mesmas estruturas sen chegar a ser aburrido e, case sen decatarse das repeticións.</p> <p>ESO 2 Os alumnos son competitivos por natureza e todo o que soe a xogo, competición lles atrae e os implica. Incluso intentan axudarse "berrándolle o compañeiro que está na pizarra o que debe escribir" (cousa que está prohibida, nunha das normas do xogo). É outro xeito de practicar as tan temidas "preguntas para respostas" que a case ningún lle gustan e que a case todos lles resultan difíciles e tediosas. Tamén de practicar tradución, que tampouco os entusiasma moito.</p>
AVALIACIÓN: Nivel de participación	<p>Participaron tódol@s alumn@s de 1º e 2º da ESO.</p> <p>Xa case o expliquei no apartado anterior. Todo o que soe a "clase non tradicional", a moverse do propio asento, a xogo (aínda que non o sexa), a competición,... implícaos moito e fai que participen; incluso a aqueles alumnos que no resto das actividades "pasan" e despois seguen igual de apáticos e sen</p>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

estudar.

Todas estas actividades fan que se motiven máis. O malo é que non sempre se poden facer (estamos moi pendentes do currículo e a cantidade de alumnos por clase non sempre é a idónea) e non sempre serven para que interioricen o que nos queremos (porque algúns só que se quedan co ben que o pasan e non co que están a aprender). Non obstante non deixan de ser enriquecedoras e motivadoras. Que sería dalgunhas clases sen este tipo de motivación? Ou incluso, que sería dalgúns alumnos que case non participan en nada?